



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACIÓN (AGPI) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI) para a realización de actividades culturais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización de actividades culturais (XV Encontro Galego de Ilustración).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, por todo o que representa a ilustración para Galicia e a importancia no deseño destas actividades é a AGPI, a encargada de levar a cabo as mesmas.





Por todo o anterior é a AGPI a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de outubro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 20 de marzo de 2018

